




O espazoAbalar



I XORNADA DE COORDINADORES E COORDINADORAS DO PROXECTO ABALAR

Manuel Ángel García Gómez

Asesor Abalar
Xerencia de Proxectos de Educación
Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de
Galicia (AMTEGA)

Abstract:

O Proxecto Abalar, ademais de garantir a dotación e o mantemento da infraestrutura TIC en todos os centros educativos, tamén se encargará de fomentar a cultura dixital por medio da formación aos docentes e ás familias, dotar ao profesorado e ao resto da comunidade educativa de contidos e recursos educativos dixitais e facer que o proxecto teña presenza na web por medio do espazoAbalar

Trátase dunha plataforma desenvolvida pola Consellería e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para por un lado, achegar a educación aos cidadáns, incrementando a eficacia dos servizos que

se lle proporcionan, e por outra parte, para desenvolver as TIC no ámbito educativo, fomentando a participación e motivación do alumnado e loitando contra o fracaso escolar.

O portal do Proxecto Abalar, permite realizar consultas e suxestións, acceder á información orientada a cada tipo de usuario e aos servizos na parte privada (espazo Familias, espazo Profesorado e espazo Centros), seguir o proxecto nas redes sociais (Redeiras, Facebook, Twitter), visualizar os recursos máis destacados, acceder ao Repositorio de contidos educativos dixitais, compartir experiencias TIC na aula con outros usuarios, etc.




XUNTA
DE GALICIA




centro autonómico
de formación e innovación





O espazoAbalar



I XORNADA DE COORDINADORES E COORDINADORAS DO PROXECTO ABALAR

Xosé Antón Vicente Rodríguez

Licenciado en Ciencias da Educación -
Especialidade: Organización e Dirección de
centros educativos
Asesor de formación no Departamento TIC do
CAFI
Encargado do repositorio de contidos do
espazoAbalar

Abstract:

Na parte pública do espazoAbalar temos o repositorio de contidos. É o repositorio de toda a comunidade educativa galega e non só dos "centros Abalar". Na actualidade superamos as 1300 referencias con materiais dixitais educativos de todos os niveis do ensino non universitario (Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos). Nútrese de materiais producidos nas licenzas de formación, cursos Platega de ferramentas de autor, actividades formativas en centros,... e sobre todo das aportacións dos docentes mediante un procedemento aberto de cesión de dereitos.



XUNTA
DE GALICIA



centro autonómico
de formación e innovación

